informativo RIDIMOAS 2003

Boletín da Asociación Cultural-Ecolóxica Ridimoas, creada en 1989 — Febreiro do 2004

PRÓXIMA PUBLICACIÓN DOS ESTATUTOS

Fai anos que xa tiñamos ganas de publicar os estatutos da asociación para que tódolos socios/as de Ridimoas puidesen ter unha copia digna; pero os cambios introducidos na asamblea extraordinaria de 1991 e os reajustes posteriores foron retrasando dita publicación ata o presente. Este ano o obxectivo da publicación vai en serio e para elo solicitouse subvención á Consellería de Educación Universitaria (orde do 5 de decembro de 2003) aproveitando que este ano temos asemblea extraordinaria que faculta ós asistentes para introducir as modificacións estatutarias que consideren oportunas. Ditas modificacións, (caso de que se fagan) serán presentadas ó organismo oficial responsable de legalizadas antes da publicación definitivas; por eso debemos animamos e asistir á asemblea para que as ideas sexan en cantidade e calidade. Tamén animamos ós que queiran revitalizar Ridimoas, para que se presenten a formar parte da xunta directiva.

XUNTA DIRECTIVA

Presidente: Pablo Rodríguez Fernández **Vicepresidenta:** Asunción Arias Arias. **Secretario:** Xosé Sánchez Moreiras. **Tersoureiro:** Manuel López Fabello. **Vocais:** Xosé Carlos Alvar Cerviño. Manuel Blanco Luís. Matilde Domínguez Lorenzo. Carlos Gómez Pérez.

Curuxa *(Tyto alba)*. Rapina noiteira de talle medio. Cría no entorno humanizado de Ridimoas. Foto: Moncho.

OBXECTIVO: 1000 Socios/as.

Ridimoas é unha asociación tan real como a vida mesma. Existe en dous planos ben determinados: como sentimento e como ecosistema. O primeiro está no corazón dos socios/as e o segundo está en Ourense, na comarca do Ribeiro de avia, en terras dos concellos de Beade e Leiro. Ridimoas arrancou de cero, nun terreo carbonizado na parte alta con talas indiscriminadas na parte baixa e, polo de agora, ocupa 250 hectáreas de cor verde; onde a vida silvestre logra abrirse paso.

Desde que a asociación iniciou a súa andaina, no ano 1989, o número de socios/ as foi aumentando ano tras ano sen interrupción. Na actualidade somos 926, cáseque estamos nos mil, pero eses 74 que faltan parecen unha barreira difícil de traspasar á vista do aumento do ano 2003 no que só se fixeron 21 novos socios/as cando o ano anterior se fixeron 46.

Este descenso, nas altas dos afiliados, é xeral en todas partes e incluso se deixou sentir nos lectores de revistas de natureza (a nivel estatal) o que ocasionou o peche de moitas. ¿Estaremos tocando teito? ¿Estaremos relaxando o noso compromiso? ¿Haberá menos interese conservacionista na xente, despois da catástrofe do Prestige?... ¡Queremos pensar que non!; pois os fundadores da asociación Ridimoas seguen co mesmo entusiasmo có primeiro día...ainda que con máis anos á espalda.

Neste momento, ademais de mercar novas parcelas e proseguir no labor de restauradores do bosque autóctono, que nos dá alegrías e coñecementos, queremos alentarvos para acadar os 1000 socios/as. Elo suporá sumar unha preocupación máis ás moitas que xa todos temos. En definitiva: que a ficha de afiliación debe andar sempre con nós para aproveitar a oportunidade cando xurda; pois os cartos seguros, que o bosque está a manexar, son os aportado polas cotas dos afiliados...e hai tanto que facer. Por eso, desde estas liñas pedímosvos un esforzo suplementario para superar a barreira do número mil.

¡Seguro que o conseguiremos!; mentres, en nome de esquíos, londras, gaios, pintegas, carballos, cerdeiras, amieiros e demáis tesouros de Ridimoas, recibide a máis sincera mostra de gratitude.

MERCA DE MONTES

As parcelas do Valdasmo e Poenxo aumentaron superficie, en propiedade, a píntegas e póutigas. As dúas teñen mimosas: cuberta totalmente a do Poenxo (parcela lindane polo sur co pozo das píntegas) e parcialmente cuberta de mimosas a do Valdasmo, no linde noreste que dá á subida do camiño de carro. A intención da directiva é de eliminar ditas mimosas no ano 2004, aínda que a inversion conómica de tal acción supoña renunciar á merca dalgunha nova parcela.

Das outras parcelas mercadas merece especial importancia a de Ridimoas, por ocupar un lugar importante da rega central caducifolia; e a da Barbaña por aumentar territorio no concello de Leiro como zona de protección da cría de londras (*Lutra lutra*), do alavanco real (*Anas platyrhynchos*) e do merlo acuático (*Cinclus cinclus*); ademais consideramos que a eliminación de mimosas (*Acacia dealbata*) aumentará espacio vital a outras especies. Referente á parcela de Covelo, polo de agora non precisa ningún tipo de intervención.

Parcelas mercadas no 2003

TÉRMINO	SUPERFICIE m2	PREZO €s
Valdamo	3.000	1.930
Ridimoas	2.112	1.368
Poenxo	1.439	600
Covelo	986	592
Barbaña	872	548
Total: 5	8.409	5.038

MEMORIA ECONÓMICA

Ingresos

Remanente ano anterior	1.728,60
Cotas socios/as	3.967,32
Premio Bandeira Verde	1.673,16
Visitas ó bosque, libros, etc	204,02
Total	**7.473,10**

Gastos

Merca de montes	5.038,00
Rexistro da propiedade	352,66
Impresión de Boletín	195,00
Recibos devoltos e gastos bancarios	598,42
Correos, ive, teléfono e traballos	228,98
Total	**6413,16**

INGRESOS:	**7.413,10**
GASTOS:	**6.413,16**
Saldo a 31-12-2003:	**1.059,94**

NOVOS SOCIOS/AS

Altas: 21
Baixas: 2

Alonso Quintas, Gerardo.
Álvarez Álvarez, Pura.
Barros Pérez, Macario.
Bello González, J. Ignacio.
Bello Rodríguez, Cecilia.
Carral Vilariño, Emilio V.
Cons Madarnás, María Carmen.
Dacuña Cons, Jesús.
Dacuña Martínez, Jesús.
Domínguez Domínguez, Celso.
Enríquez Vázquez, María José.
Escudero Sarmiento, Jorge.
Estévez Freixeiro, Xoan Manoel.
García Domínguez, Miguel.
Gentil González, Juan Ramón.
López Acevedo, Rubens.
Otero Vences, Juan Carlos.
Rodríguez García, Claudia.
Rodríguez Rodríguez, Darío Ángel.
Rosendo López, María.
Viñas Rodríguez, Luis Eduardo.

Totais ó 31/12/2003
Socios/as: 926

É vital pa Ridimoas que a ficha persoal, coa domicialización bancaria estea sempre actualizada, tanto para dar información como para poder cobrar as cotas.

A mellor maneira de actualizar datos, no caso de que sexa necesario é remitirnos, a ficha adxunta, ben cuberta ... xa sabemos que é unha molestia, pero merece a pena.

Outra opción é a do correo eléctronico:

ridimoas@mixmail.com

e por se alguén quere ingresar a cota directamente, a nosa conta é:

2080 0332 91 0040020683

Caixanova, sucursal de Ribadavia 32. Rúa do Progreso, 46. 32400 Ribadavia (Ourense).

¡Gracias por colaborar!

CONVOCATORIAS
ASEMBLEA ORDINARIA

APRECIADO SOCIO/A:

Cumprindo cos estatutos, convocámoste á ASEMBLEA ANUAL ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro día 29 de febreiro de 2004 (domingo) no I.E.S. «O Ribeiro» de Ribadavia (Ourense), ás 11 horas en primeira convocatoria, e as 12 horas en segunda convocatoria; e na que trataremos os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2.- Informe sobre estado actual do ecosistema de Ridimoas e actividades realizadas no ano 2003.
3.- Informe económico
4.- Actividades para o ano 2004.
5.- Rogos e preguntas.

ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

Que se celebrará ó re mate da ordinaria e na que se tratarán os seguintes puntos da orde do día:

*** Elección de membros de nova xunta directiva.**
*** Posibles cambios nos estatutos.**

ACTIVIDADES PARA O RESTO DO DÍA:

*Poderase visitar a exposición permanente sobre Ridimoas e Areal de San Cristovo no I.E.S. «O Ribeiro».

*Xantar no Hostal Evencio de Ribadavia. *Será un bo cocido, postre e café; cun custo de 10 euros por persoa. Pregamos ós socios e socias que decidan quedarse a xantar (Poden vir acompañados por amigos e familiares), avisen ata o día 21(venres) de febreiro en horas laborables, ó teléfono 988 470817 do I.E.S. «O Ribeiro» de Ribadavia, e a outras horas ó (988) 480062, preguntando sempre por Pablo Rodríguez, indicando que é para o xantar. (Deberá especificarse o número de comensais).*

*Despois do xantar visitarase o bosque Ridimoas. Mostraranse parcelas mercadas en 2003 e outras para mercar en 2004 así como pozas e mananciais acondicionados para anfibios. Os que non coñezan o bosque poderán andar o itinerario completo. Os demais poderán ir directamente á zona do Valdasmo e plantar un castiñeiro. Recomendamos calzado impermeable e roupa de abrigo.

EXPOSICIÓN DE ALFARERÍA

No vestíbulo do IES «O RIBEIRO» poderáse disfrutar dunha exposición de alfarería tradicional de Niñodaguia (Ourense) e aprender da maestría do oleiro Agustín Vázquez Ferreiro que realizará obra á vista dos asistentes. Algunhas pezas terán prezos especiais para Ridimoas.

MEL CASEIRA DE MONTEDERRAMO

Estará á venta, mel colleitada polo socio, Oscar Rodríguez González. O prezo dun quilo será de 6 euros.

Notas de Campo

Texto e debu



Lavandeira Real *(Motacilla cinerea)*

Paxariño catalogado de interese especial, de18 cm de longo, dos que a metade corresponde ó rabo. Polo de agora, en Ridimoas, só coñecemos a existencia dunha parella reproductora na zona da Barbaña. Dita parella habita no territorio conformado polo camiño de Covelo, desde a estrada de Beariz ata a presa do muíño, incluindo as viñas dos arredores. No camiño de Covelo sempre mantén unha distancia prudencial co observador, correndo lixeira polo cemento cuberto de fina lámina acuosa; pero en caso de mayor perigo voa ata o interior da viña lateral, pousando no alto dunha estaca ou aramio, onde nerviosa move a rabeira. No regato vémola nas pedras próximas á corrente de auga, na percura de insectos que caza en vóo. Pode criar dúas ou tres veces ó ano.

Cobregón *(Malpolon monspessulanus)*

Ata hai dous anos, a presencia deste oficio resultaba tan rara que chegamos a considerar que a especie desaparecera do ecosistema de Ridimoas; pero o día 24 de marzo do ano 2002, a media mañá foi observado na parcela do Poenxo (linde sur de Ridimoas) un ejemplar adulto de gran talla. Posteriormente, o día 31 de maio do mesmo ano observaríanse, no intre da cópula, dous individuos grandes (rondarían os 2m) no camiño do Valdasmo, a uns 300m de distancia da 1ª obsevación. Na actualidade temos observado a esta serpe en varios puntos do término do Valdasmo, debaixo do tendido eléctrico, acubillada entre herba amparada por penedías, na beira do monte baixo co acacial. En agosto de 2002, rescatamos dun pozo, un individuo subadulto.



Abruñeiro *(Prunas spinosa)*

Arbusto que, en Ridimoas, vexeta principalmente na zona do Valdasmo, onde forma unha importante sebe á beira do camiño das Regadas; aínda que tamén aparece no fondo da rega central aproveitando os claros dispoñibles. Nas pólas normais aparécenlle gromos de creza limitada, en forma de punzóns resistentes nos que pode haber xemas ou folliñas. O noso abruñedo forma unha barreira defensiva de fermoso aspecto, desde primeiros de marzo, cando empeza a floración formada por infinidade de flores pequenas con cinco pétalos cada unha. Estas aparecen antes cás follas e atraen a moitísimos insectos. Os abruños son drupas dun centímetro de diámetro maior e cor anil cerosa que se oscurece cando son manipulados. En Beade chámanlle murgos.

Notas de Campo

Saltón azul *(Oedipoda coerulescens)*



Este vistoso ortóptero de azas azuis é un colonizador tenaz das parcelas limpas de mimosas. Aséntase nos terreos despexados con forte insolación e permanece nesas parcelas, nas que vai medrando herba, ata que o bosque volve a ser dominante. Nos primeiros anos de recuperación de fauna, o saltón azul, xoga un gran papel por aportar, ó medio, biomasa fácil de circular polo resto da cadea trófica: arácnidos, outros insectos, réptiles, aves e mamíferos predan sobre él; por eso resulta vital. Este debuxo do ano 1978, mostra unha femia que, desde a cabeza ó extremo das azas, medía 32 mm. A finais do verán os machos, copulando a miúdo, fecundan ás femias. Para facer a posta, a femia enterra o extremo do abdomen e recubre os ovos cunha substancia especial.

Londra *(Lutra lutra)*

Mamífero carnívoro duns seis quilos de peso medio, pertencente á familia mustelidade, catalogado de interese especial. A londra non fora vista no regato de Caldelas, ó paso polo ecosistema de Ridimoas, desde hai sesenta anos. Por esas datas a auga corrente era de gran pureza, pero a deforestación da ribeira, o amuramento das marxes e a contínua presencia humana, resultaran incompatibles coa londra. Na actualidade reduciuse moitísimo a presión humana: os muíños cesaron de moer, os muros fóronse naturalizando e os pescantíns liscaron desde 1998, cando se declarou o vedado de pesca; ademais a caza furtiva foi a menos. Neste novo panorama, aínda que con auga bastante contaminada, a señora londra vive e reprodúcese no noso regato.

Amieiro *(Alnus glutinosa).*



Árbore caducifolia ben representada na zona da Barbaña, onde destaca como principal especie de ribeira, nos tramos que aínda conservan o bosque galería; tramos nos que podemos apreciar pés ben desenrolados duns vinte metros de alto. Entre febreiro e marzo madúranlle as inflorescencias, formadas por colgantes amentos masculinos longos e por amentos femininos curtos que se transforman en diminutas piñas portadoras de sementes moi apetecidas polo pincaouro (*Carduelis spinus*), paxariño invernante na nosa terra. O amieiro mantén ribeiras estables por ter abundantes raíces que, ademais de seren refuxio de fauna variada permiten vivir ás bacterias da especie, *Schinzia alni*, capaces de fixar nitroxéno atmosférico.

Datos Meteorolóxicos

2003	Precipitación l/m2	Días chuvia	Acidez (PH) Máxima	Acidez (PH) Mínima	Nube dominante	Temperatura Máxima	Temperatura Mínima
Xaneiro	222,6	17	5,6	6,7	Cúmulonimbos	20,5	-7,0
Febreiro	110,0	13	5,8	6,9	Nimboestratos	16,5	-4,5
Marzo	69,3	12	5,4	6,4	Estratos	24,5	-1,5
Abril	121,3	15	5,1	6,0	Estratocúmulos	29,5	1,0
Maio	9,8	4	5,3	5,9	Cúmulonimbos	35,5	3,0
Xuño	62,8	6	4,6	5,8	Cúmulos	42,0	5,0
Xullo	36,3	5	4,0	5,4	Cúmulos	36,5	8,0
Agosto	35,6	7	4,9	5,4	Cúmulos	43,0	10,0
Setembro	13,7	5	4,3	5,2	Estratocúmulos	37,5	8,5
Outubro	171,6	15	5,1	6,4	Nimboestratos	27,5	1,0
Novembro	183,1	21	5,3	6,7	Estratocúmulos	23,5	-1,0
Decembro	82,5	17	5,5	6,6	Estratos	16,1	-3,8
TOTAIS	1118,6	136	Máxima absoluta 4,0	Mín. absoluta 6,9	Cúmulos e Estratocúmulos	Máx.absoluta 43,0	Mín.absoluta -7,0

Resume de notas fenolóxicas

PRIMEIRAS OBSERVACIÓNS DE:	Data Día Mes	Precipitación l/m2	Temperatura Max.	Temperatura Min.	Cobertura	Vento
Ra patilonga (*Rana iberica*)	24-I	0,0	9,0	-0,5	Dispersa	W
Narciso branco (*Narcisus triandrus*)	9-II	0,1	14,0	4,0	Fragamentada	SW
Bubela (*Upupa epops*)	1-III	0,0	18,5	11,5	Fragmentada	SE
Rula (*Estreptopelia turtur*)	27-IV	9,0	21,0	5,0	Anubada	SE
Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*)	11-V	0,0	26,5	7,0	Fragmentada	SE
Teixugo (*Meles meles*)	28-VI	19,7	31,5	12,0	Fragmentada	W
Vacaloura (*Lucanus cervus*)	21-VII	0,0	29,0	8,5	Fragmentada	SE
Grilo italiano (*Oecanthus pellucens*)	2-VIII	0,1	31,0	19,5	Fragmentada	NW
Falcón pequeno (*Falco subbuteo*)	7-IX	0,1	20,0	14,0	Anubada	SE
Píntegas comidas (*Salamandra salamandra*)	14-XI	33,4	16,5	11,5	Anubada	SW
Merlo acuático (*Cinclus cinclus*)	14-XII	0,0	15,2	4,5	Fragmentada	SW

BOAS NOTICIAS

As cinco cerdeiras de acios *(Prunas padus)* plantadas o día 16 de xaneiro de 1998, na parcela de entrada á rega de Ridimoas, xa están moi desenroladas e xa non precisan ser regadas no verán. Floreceron vistosamente en marzo e desenrolaron froitos do agrado das aves. Estes pés proceden de retoños da planta nai existente no bosque. Tamén medran moi vigorosas dúas novas, plantadas na entrada de Ridimoas o 12 de febreiro de 2002, obtidas por "estaca de ramo calzado" procedentes das anteriores. Actualmente, en Ridimoas, xa vexetan 12 pés desta rara árbore.

Na poza das Picoñas aumentou sensiblemente o número de tritóns grandes *(Triturus marmoratus)* despois da merca e posterior acondicionamento do hábitat, por parte nosa. Tamén se rematou de acondicionar e sinalizar o pozo do Poenxo, onde paren as píntegas *(Salamandra salamandra gallaica)* ofrecendo así, ós socios e visitantes, un hábitat agradable onde facer observacións de campo.

Mantense estable a población de algarias *(Genetta genetta)* e volveuse a observar unha garduña *(Martes foina)*.

Quen parece atoparse a gusto no regato de Caldelas ó paso por Ridimoas é a londra *(Lutra lutra)* e, segundo os rastros, a parella volveu a ter crías. O éxito das londras animounos a facer, na ribeira do regato, a plantación duns cen amieiros *(Alnus glutinosa)* obtidos por semente dos pés existentes.

A poboación de pombos *(Columba palumbus)* aumentou bastante, posibilitando o asentamento doutra parella de gabián *(Accipiter nisus)* na zona da Barbaña.

A foto adxunta mostra os **primeiros froitos de acivo** *(Ilex aquifolium)* **nacidos en Ridimoas**. Estes froitos foron producidos polo acivo máis grande, plantado o ano pasado, na zona da Barbaña o día da asemblea xeral celebrada o día 23 de febreiro de 2003.

Primeiros froitos de acivo nacidos en Ridimoas. Foto realizada o 10 de xaneiro de 2004.

PÓUTIGA (*Cytinus hypocistis*)



Coñecida tamén polos nomes de póutega, apóutiga, mel de raposo, maias, tetos e venturiño; as póutigas son plantas silvestres comestibles, pertencentes á familia *Rafflesiaceae* que, no bosque Ridimoas, viven parasitando a raíz da carpaza de flor amarela (*Halimium lasianthun subespecie alyssoides*). Por tratarse de planta parásita, a póutiga carece de cor verde presentando un ton amarelo gualda na parte superior das flores e vermello escarlata na parte inferior. O conxunto da planta recorda a unha alcachofa algo máis pequena cá un puño. A parte comestible é unha xelatina cáseque transparente, incolora e de sabor gomoso que se atopa no ovario das flores femininas ou tetos máis gordos dos laterais. Para saborear o contido hai que arrincar os tetos e chupalos como se fosen percebes. Téñense usado para reducir desarreglos das mulleres.

Nas últimas décadas as póutigas desapareceron da mayoría dos montes do Ribeiro, chegando a ser raras. En Ridimoas sobreviven en dúas parcelas do término do Poenxo. Os incendios forestais, a invasión de mimosas e o abandono do uso tradicional do estrume poden ser as causas da súa regresión; por eso pedimos ós socios/as que se absteñan de recolectalas para frear o seu declive. Como medida correctora propoñémonos mercar dúas parcelas máis no término do Poenxo (linde sur de Ridimoas) que serían sometidas a labores tradicional para favorecer á especie.

Os socios/as que non coñezan as póutigas e queiran velas ou fotografialas no seu hábitat, poden chamar ó teléfono do noso enderezo para concertar visita guiada. Debe ser no mes de maio que é cando mostran a parte aérea. Polo de agora descoñecemos o vector de propagación aínda que as nosas observacións mostran á lagarta do monte (*Psammodromus algirus*) como posible reponsable; aínda que tamén algún micromamífero podería facer esa función.

EN BOCA DE LOBOS

Continúa sen interrupción, na radio galega, a nosa colaboración "En Boca de Lobos" incluída no programa O Miradoiro de Xusto López Carril. Emítese os mércores, en directo, arredor das dez e cuarto da mañá. Os contidos corren a cargo de Pablo, presidente de Ridimoas que, ademais de divulgar valores naturais de Galicia trata de crear unha opinión favorable á conservación da flora e fauna, denunciando agresións detectadas e discrepando de opinións complacentes co estado actual das especies e da xestión do territorio. Por eso estamos abertos ás vosas críticas e consellos ó tempo que agradeceríamos gravacións propias de voces, cantos, ruídos naturais, etc, que pudiesen ambientar novos capítulos. Por suposto que sempre se citan os nomes dos colaboradores así como data e lugar de gravación. ¡A ver se alguén se anima e bota unha man!: pois o programa está supoñendo un ingreso económico complementario ás indispensables cotas dos socios/as.

IMPRESOS

Asociación Ecolóxica Cultural RIBIMOAS

Para a defensa e estudio dos bosques autóctonos

ASOCIACIÓN CULTURAL-ECOLÓXICA RIDIMOAS

Instituto de Ensinaza Secundaria
«O Ribeiro»
Rúa do Carballiño s/n
32400 RIBADAVIA (Ourense)
Tfno e Fax: 988470817
Correo eléctronico: ridimoas@mixmail.com